



Nº DE CONTROL

PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL FIXO PARA OCUPAR UNHA PRAZA DE COORDINADOR/A DE PARQUES PARA PRESTAR SERVIZOS NO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.

1ª PROBA (PROBA TEÓRICA)

2 DE SETEMBRO DO 2021

PREGUNTAS

1. Cal das seguintes funcións encomendadas ao Goberno no artigo 97 da Constitución Española non lle corresponde:

- a) Política exterior
- b) Administración civil e militar e a defensa do Estado
- c) **O mando supremo das Forzas Armadas**

2. O artigo 1 do Estatuto de Autonomía de Galicia, dispón que Galicia é unha:

- a) **Nacionalidade histórica**
- b) Nación
- c) Ningunha é correcta

3. Conforme á Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non será necesario acreditar a representación:

- a) Cando se presente unha declaración responsable
- b) Cando se interpoña un recurso
- c) **Cando se realicen xestións de trámite**

4. O expediente de contratación:

- a) Deberá levar incorporado o prego de cláusulas administrativas particulares
- b) Deberá referirse á totalidade do obxecto do contrato
- c) **Todas as respostas son correctas**

5. Segundo o artigo 57 da Constitución Española a sucesión á Coroa de España seguirá a orde regular:

- a) **De primoxenitura e representación**
- b) As Cortes Xerais propoñen ao herdeiro
- c) Ningunha é correcta

6. Segundo o artigo 31 da Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local, a provincia ten:

- a) **Personalidade xurídica propia**



Nº DE CONTROL

- b) Personalidade xurídica plena
- c) Personalidade xurídica delegada

7. Segundo o artigo 63 do Estatuto Básico do Empregado Público, considérase como causa de perda da condición de funcionario de carreira:

- a) Comisión dunha falta grave
- b) A perda da nacionalidade
- c) Xubilación parcial ou permanente do funcionario

8. A provincia de Lugo ten na actualidade:

- a) 66 concellos
- b) 87 concellos
- c) 67 concellos

9. O pleno do consorcio, máximo órgano colexiado deste, estará dirixido por:

- a) A persoa titular da presidencia da Deputación Provincial de Lugo ou deputado/a en quen delegue
- b) O Alcalde do concello de Lugo
- c) O Secretario titular da Deputación de Lugo

10. Aos efectos da Lei 21/1992, de Industria, considéranse industrias:

- a) As actividades dirixidas á obtención, reparación, mantemento, transformación ou reutilización de produtos industriais
- b) As actividades dirixidas á obtención, reparación, mantemento, transformación ou reutilización de produtos industriais, ou envasado e embalaxe
- c) As actividades dirixidas á obtención, reparación, mantemento, transformación ou reutilización de produtos industriais, ou envasado e embalaxe, así como o aproveitamento, recuperación e eliminación de residuos ou subprodutos, calquera que sexa a natureza dos recursos e procesos técnicos utilizados

11. O Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión aplícase ás instalacións que distribúen enerxía eléctrica, ás xeradoras de electricidade para consumo propio e ás receptoras, nos seguintes límites de tensións nominais:

- a) Corrente continua igual ou inferior a 1000 voltios e corrente alterna igual ou inferior a 1500 voltios.
- b) Corrente alterna igual ou inferior a 1000 voltios e corrente continua igual ou inferior a 1500 voltios.
- c) Corrente alterna e corrente continua igual ou inferior a 1000 voltios



Nº DE CONTROL

12. As instalacións térmicas incluídas no ámbito de aplicación do RITE requirirán a realización dun proxecto cando a potencia térmica nominal a instalar en xeración de calor ou frío sexa maior que:

- a) 50 kW
- b) 70 kW
- c) 100 kW

13. Segundo o RD 513/2017, que aproba o Regulamento de instalacións de protección contra incendios, extintor móbil é aquel:

- a) Deseñado para que poidan ser levados e utilizados a man, tendo en condicións de funcionamento unha masa igual ou inferior a 20 kg
- b) Deseñado para ser transportado e accionado a man, montado sobre rodas e cunha masa total de máis de 20 kg
- c) Deseñado para ser transportado e utilizado a man, independentemente de cal sexa a súa masa

14. Os sistemas de sinalización luminiscente, conforme ao RD 513/2017, serán:

- a) Fotoluminiscentes, unicamente
- b) Alimentados electricamente, unicamente
- c) Fotoluminiscentes ou ben sistemas alimentados electricamente

15. Un establecemento industrial tipo A, conforme ao RD 2267/2004, é:

- a) Aquel que ocupa parcialmente un edificio que ten, ademais, outros establecementos, xa sexan estes de uso industrial ou de outro uso
- b) Aquel que ocupa totalmente un edificio que está adosado a outro ou outros edificios, ou a unha distancia igual ou inferior a tres metros de outro ou outros edificios, de outro establecemento, xa sexan estes de uso industrial ou ben de outros usos
- c) Aquel que ocupa totalmente un edificio, ou varios, no seu caso, que está a unha distancia maior de tres metros do edificio máis próximo de outros establecementos. Dita distancia deberá estar libre de mercancías combustibles ou elementos intermedios susceptibles de propagar o incendio

16. Cal dos seguintes non é un principio da acción preventiva recollido no artigo 15 da Lei 31/1995, de Prevención de Riscos Laborais?

- a) Avaliar os riscos que se poden evitar
- b) Substituír o perigoso polo que entrañe pouco ou ningún perigo
- c) Dar as debidas instrucións aos traballadores

17. Efectuada unha anotación no Libro de Incidencias durante a execución dunha obra, deberá remitirse copia á Inspección de Traballo e Seguridade Social:

- a) En todo caso



Nº DE CONTROL

b) Cando se trate dun incumprimento de advertencias ou observacións previamente anotadas en dito libro ou cando se ordene a paralización dos tallos ou, no seu caso, da totalidade da obra, por haberse apreciado circunstancias de risco grave e inminente para a seguridade e a saúde dos traballadores

c) A partir da entrada en vigor da modificación recollida no RD 1109/2007 non é necesario remitir copia do Libro de Incidencias á Inspección de Traballo e Seguridade Social

18. Respecto ao Plan de Seguridade e Saúde:

a) Cando se elabora en aplicación dun estudo de seguridade e saúde as propostas de medidas alternativas incluírán a valoración económica das mesmas, podendo implicar a diminución do importe total sempre que non supoñan diminución dos niveis de protección previstos no estudo

b) Debe ser aprobado antes do inicio da obra pola empresa construtora

c) Pode ser modificado polo contratista en función do proceso de execución da obra

19. En aplicación do RD 773/1997, o empresario deberá:

a) Determinar os postos de traballo nos que deba recorrerse á protección individual

b) Dispoñer dos diferentes equipos de protección individual para que os traballadores poidan utilizalos se o consideran necesario

c) Proporcionar gratuitamente aos traballadores os equipos de protección individual, debendo os traballadores repoñelos cando sexa necesario

20. De acordo co RD 614/2001, sobre disposicións mínimas para a protección da saúde e seguridade dos traballadores fronte ao risco eléctrico, poderán realizarse coa instalación en tensión:

a) As operacións elementais

b) En instalacións con tensión de seguridade unicamente

c) En ningún caso se poderán realizar operacións coa instalación en tensión

21. Aos efectos do RD 681/2003, enténdese por atmosfera explosiva:

a) A mezcla co aire, en condicións non atmosféricas, de substancias inflamables en forma de gases, vapores, néboas ou polvos, nas que, tras unha ignición, a combustión se propaga a parte da mezcla non queimada

b) A mezcla co aire, en condicións atmosféricas, de substancias inflamables en forma de gases, vapores, néboas ou polvos, nas que, tras unha ignición, a combustión se propaga á totalidade da mezcla non queimada

c) A mezcla co aire, en condicións atmosféricas, de substancias inflamables en forma de gases, vapores, néboas ou polvos, nas que, tras unha ignición, a combustión se propaga a parte da mezcla non queimada

22. O Código Técnico da Edificación ordénase en:



Nº DE CONTROL

a) Os diferentes Documentos Básicos, para o cumprimento das esixencias básicas que deben cumprir os edificios

b) Unha primeira parte, que contén as disposicións e condicións xerais de aplicación do CTE e as esixencias básicas que deben cumprir os edificios, e unha segunda parte, formada polos diferentes Documentos Básicos

c) Tres partes: a primeira parte contén as disposicións e condicións xerais de aplicación do CTE e as esixencias básicas que deben cumprir os edificios, a segunda parte formada polos diferentes Documentos Básicos e a terceira parte que contén os Documentos Recoñecidos do CTE

23. Non é un local de risco especial:

a) Almacén de residuos de 50 m²

b) Cociña con potencia instalada de 2Kw

c) Sala de maquinaria de ascensores de 15 m²

24. Un sistema construtivo con clase de reacción ao lume D-s3,d0 indica que éste é:

a) Non combustible

b) Combustible

c) Sen clasificar

25. Segundo o Código Técnico de Edificación, en zonas de ocupación ocasional e accesibles unicamente a efectos de mantemento, tales como salas de máquinas ou locais para material de limpeza, considerarase para establecer a ocupación:

a) Unha persoa por cada 10 m²

b) Dúas persoas, con independencia da súa superficie

c) Ocupación nula

26. Como regra xeral, conforme ao Código Técnico de Edificación, dispórase un extintor de eficacia 21A-113B:

a) A 10 m de recorrido en cada planta, como máximo, dende todo orixe de evacuación

b) A 15 m de recorrido en cada planta, como máximo, dende todo orixe de evacuación

c) A 25 m de recorrido en cada planta, como máximo, dende todo orixe de evacuación

27. Segundo o CTE, os viais de aproximación dos vehículos dos bombeiros aos espazos de manobra deberán ter unha anchura mínima libre de:

a) 3 m

b) 3,50 m

c) 4 m

28. A resistencia ao lume suficiente dos elementos estruturais de zonas de risco especial alto, segundo a táboa 3.2 do CTE DB SI6, será:

a) R 90



Nº DE CONTROL

b) R 120

c) R 180

29. Segundo a Lei 17/2015, do 9 de xullo, do Sistema nacional de Protección Civil, os Plans de Protección Civil son

a) O Plan Estatal Xeral, os Plans Territoriais de ámbito autonómico, os Plans Especiais e os Plans de Autoprotección

b) O Plan Estatal Xeral, os Plans Territoriais, de ámbito autonómico ou local, os Plans Especiais e os Plans de Autoprotección

c) O Plan Estatal Xeral, os Plans Territoriais de ámbito autonómico ou local e os Plans Especiais

30. Son riscos que deben ser obxecto de Plans Especiais, segundo o Real Decreto 407/1992

a) Situacións bélicas

b) Epidemias e pandemias

c) Ambos son riscos a incluír nun Plan Especial

31. Segundo o Real Decreto 393/2007, do 23 de marzo, polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección, Para avaliar os plans de autoprotección e asegurar a eficacia e operatividade dos plans de actuación, ¿cal é a periodicidade mínima coa que se terán que realizar simulacros de emerxencia?

a) Coa periodicidade mínima que fixe o propio plan

b) Polo menos unha vez ao ano, a condición de que o propio plan non fixe unha periodicidade menor

c) Cada 2 anos, aínda que é recomendable polo menos unha vez ao ano

32. A efectos da Lei 45/2015, os menores de idade poderán ter a condición de voluntarios sempre que se respecte o seu interese superior de acordo co previsto na lexislación de aplicación e cumpran os seguintes requisitos

a) Os maiores de 16 e menores de 18 anos deberán contar co consentimento dos seus proxenitores, titores ou representantes legais

b) Os menores de 16 anos e maiores de 12 poderán levar a cabo accións de voluntariado se contan coa autorización expresa dos seus proxenitores, titores ou representantes legais na que se valorará se aquelas prexudican ou non o seu desenvolvemento e formación integral

c) As dúas respostas anteriores son correctas

33. Sinale o termo que considere que non constitúe un criterio de desenvolvemento de a protección civil segundo establece a actual Lei de Emerxencias de Galicia

a) Prevención

b) Celeridade

c) Eficiencia



Nº DE CONTROL

34. Tal e como establece o Plan Territorial de Emerxencias de Galicia, e atendendo á clasificación de Riscos Especiais, os de nivel de gravidade media son

a) Risco sísmico, incendios forestais e inundacións

b) Risco químico e mercancías perigosas

c) Nevadas, temporais e actividades acuáticas

35. Segundo o Plan Especial de Protección Civil ante Emerxencias por Incendios Forestais na Comunidade Autónoma de Galicia, o director do plan na situación operativa 2 será

a) O Director Técnico de Extinción

b) O Delegado Territorial da Xunta de Galicia da provincia afectada

c) O responsable do departamento competente en materia forestal designada no Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (PLADIGA)

36. Segundo o Plan Especial de Protección Civil ante Emerxencias por Incendios Forestais na Comunidade Autónoma de Galicia, a situación de emerxencia provocada por un ou varios incendios forestais que, na súa evolución previsible, poidan afectar gravemente á poboación e os bens de natureza non forestal, e que esixen a adopción inmediata de medidas de protección e socorro e que pode ser necesario que, a solicitude do órgano competente da comunidade autónoma, sexan incorporados medios extraordinarios ou que poden comportar situacións que deriven cara ao interese nacional é

a) Índice de gravidade potencial 1

b) Situación operativa 2

c) Nivel 2

37. A propagación de calor que se transmite por ondas electromagnéticas denomínase

a) Condución

b) Convección

c) Radiación

38. Os catro diámetros normalizados das mangueras contra incendios mais usados en España son

a) 25, 45, 70 y 100 mm

b) 15, 45, 75 y 100 mm

c) 25, 50, 80 y 120 mm

39. O número de identificación de perigo 842 dun panel laranxa significa que o contido é

a) Gas corrosivo e sólido que reacciona coa auga

b) Materia corrosiva e sólida que reacciona coa auga desprendendo gases inflamables

c) Materia sólida corrosiva e licuada a presión



Nº DE CONTROL

40. A protección contra a irradiación dunha fonte potencialmente radioactiva baséase en

a) Tempo, distancia e blindaxe

b) Medición das doses absorbidas e tempo de exposición

c) Confinamento da fonte e protección persoal por sistemas de antirradiación

41. O pictograma de marcado de calzado para bombeiros coas siglas FIS, ¿que significa?

a) Que cumpre os requisitos das botas resistentes a riscos asociados á extinción de incendios e os requisitos para solas de alta resistencia eléctrica

b) Que cumpre os requisitos das botas resistentes a riscos asociados á extinción de incendios, cumpre os requisitos de resistencia á perforación e posúe características de illamento eléctrico

c) Que cumpre os requisitos das botas resistentes a riscos asociados á extinción de incendios e os requisitos esixidos sobre a resistencia á perforación e propiedades antiestáticas

42. En relación á inspección periódica das botellas dos equipos de protección respiratoria autónoma (ERA), deberán ser sometidas cada tres anos a

a) Proba de tensión de válvula e rosca

b) Proba hidráulica por expansión volumétrica

c) Proba de que se mantén estanca no medio líquido

43. ¿Cal é a norma UNE que reflexa as especificacións comúns dos vehículos autobomba?

a) UNE 23900_83

b) UNE 23901_83

c) UNE 23902_83

44. No interior das cordas homologadas utilizadas para intervencións en altura hai

a) Banda informativa coa información do fabricante, número da norma, ano de fabricación e tipo de material coa que está fabricada

a) Fío testemuña de diferentes cores dependendo do ano de fabricación

c) Ambas as respostas son correctas

45. A ferramenta especialmente deseñada para os traballos de extinción, fundamentalmente en incendios forestais, composta dunha placa plana de aceiro estampado e tratado no que un borde ten dentes grosos e o borde oposto é recto e afiado chámase

a) Pulaski

b) Alcotana

c) McLeod

46. O uso da maneta extractora de fusibles está limitado a

a) 1000 v

b) 1500 v



Nº DE CONTROL

c) 2000 v

47. ¿Para que se emprega o aparello coñecido como Bee Boost?

- a) Para a desinfección dos equipos de protección individual (EPIs) despois dunha intervención con substancias químicas
- b) Para a captura de abellas
- c) Para aumentar a presión de saída da auga en punta de lanza

48. ¿Cales son as maneiras de explotar a canle na radiocomunicación?

- a) Nas frecuencias VLF, LF, MF, HF, VHF, UHF, SHF e EHF
- b) Con equipos fixos, móbiles e portátiles
- c) Simplex, dúplex e semidúplex

49. Sinala a resposta correcta respecto ós faros de traballo dos vehículos de bombeiros

- a) Os faros de traballo poden ser utilizados en movemento en rúas públicas cando sexa necesario
- b) Os faros de traballo deben de estar debidamente homologados
- c) Os faros de traballo deben de poder utilizarse independentemente de calquera outro faro ou luz

50. A aprobación do proxecto de orzamentos que se presentará para a súa aprobación ao pleno, corresponde a:

- a) Presidente
- b) Secretario
- c) Comisión executiva

PREGUNTAS DE RESERVA:

1. O espazo de manobra para os bombeiros que establece o apartado 1.2 do CTE DB SI 5, deberá:

- a) Ter unha anchura libre mínima de 5 m e altura libre igual á do edificio
- b) Ter unha anchura libre mínima de 5 m e altura libre igual a 6 m
- c) Ter unha anchura libre mínima de 3 m e altura libre igual a 6 m

2. Segundo a Lei 17/2015, do 9 de xullo, do Sistema nacional de Protección Civil. As axudas por danos materiais

- a) Serán compatibles coas que puidesen concederse por outras Administracións Públicas, ou coas indemnizacións que correspondesen en virtude de pólizas de seguro, sen que en ningún caso o importe global de todas elas poida superar o valor de dano producido



Nº DE CONTROL

- b) Serán compatibles coas que puidesen concederse por outras Administracións Públicas, ou coas indemnizacións que correspondesen en virtude de pólizas de seguro, con independencia do importe das referidas axudas
- c) Son incompatibles con outras axudas das Administracións Públicas

3. Segundo a Lei 5/2007, de 7 de maio, de Emerxencias de Galicia, corresponde aos municipios de máis de 20.000 habitantes

- a) Colaborar na recollida e transmisión á Axencia Galega de Emerxencias de datos e información relevantes para a protección civil
- b) Elaborar e aprobar o plan de emerxencias municipal, os plans de actuación municipais e, en xeral, calquera dos outros instrumentos de planificación de protección civil no ámbito municipal
- c) Todas son correctas

4. Os equipos de protección respiratoria autónoma (ERA) utilizados polos bombeiros, sempre que se usen co traxe de intervención correspondente, entran na categoría de equipo de protección individual (EPI) de

- a) Categoría I
- b) Categoría II
- c) Categoría III

5. As garantías definitivas esixidas nos contratos celebrados coas Administracións Públicas poderán prestarse:

- a) Mediante aval
- b) En efectivo ou en valores, que en todo caso serán de Débeda Pública
- c) Todas as respostas son correctas